

**7 DE XUÑO:** VERBUM (avda. Samil, 17)

- 17.15 h: Presentación da xornada. Isaura Abelairas, concelleira de Normalización Lingüística e Manuel Fernández, vicerreitor de Relacións Internacionais e Extensión Universitaria
- 17.30 h: Toponimia de Vigo: Gonzalo Navaza (profesor da Uvigo e membro de AGON)
- 18.15 h: Descanso
- 18.30 h: Ferramentas informáticas (Cartografía/Informática Concello de Vigo )
- 19.00 h: Sárdoma-Freixeiro (Iván Sestay); Beade (Lorena Carrasco); Arcade (Iria Míguez Seoane)

**8 DE XUÑO:** ASOCIACIÓN VECIÑAL SAN MAMEDE, ZAMÁNS (estrada Zamáns, 251)

- 10.00 h: Situación do proxecto Toponimia do val do Fragoso
- 10.30 h: Bembrive: Marta Álvarez e Roberto Ballesteros (alcalde pedáneo da Entidade Local Menor de Bembrive)
- 11.00 h: Cabral: Iván Sestay
- 11.30 h: Candeán: Afonso González e Xoán Colazo Pazó (vogal da Comunidade de Montes de Candeán)
- 12.00 h: Pausa
- 12.20 h: Valadares: Laura Benedicto
- 12.40 h: Comesaña: Anxo Rodríguez e Carlos Alonso (presidente da Comunidade de Montes en Man Común)
- 13.10 h: Zamáns: Beatriz Varandas e Juan Carlos Rodríguez Torres (presidente da A.V. de Zamáns)
- 13.40 h: Contada sobre toponimia, por Avelino González
- Xantar. Parque forestal de Zamáns
- 16.30 h: Percorrido

### Organizan:

CONCELLERÍA  
DE  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

CONCELLO  
DE VIGO




Universidade de Vigo

### Colaboran:



AVCR SAN MAMEDE DE ZAMÁNS



Xunta de Montes VV. en M. C. de  
ZAMÁNS



# XORNADAS DE TOPONIMIA

7 e 8 de xuño de 2013

A Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo e a Concellaría de Normalización Lingüística do Concello, coa colaboración da Comunidade de Montes de Zamáns, a Asociación Veciñal San Mamede de Zamáns e o Instituto de Estudos Miñoranos organizamos unhas novas xornadas sobre toponimia. Xornadas para debater, coñecer, informarse sobre, achegarnos a aplicacións didácticas... e coñecer o traballo que dende estas institucións en colaboración con entidades veciñais estamos a desenvolver cara a recuperar, pór en valor e difundir a toponimia do val do Fragoso, a toponimia viguesa.

O pasado ano estas institucións xunto cos concellos de Ourense e Pontevedra coa colaboración do Concello de Redondela e o IEM, organizamos o primeiro curso para formar especialistas na recollida de toponimia.

Froito deste curso, estase a traballar na recollida de topónimos, o seu estudo e divulgación en diversas parroquias destes concellos.

No Concello de Vigo contamos coa colaboración das comunidades de montes en man común de Cabral, Candeán, Comesaña e Zamáns, e a Entidade Local Menor de Bembrive.

Nestas xornadas as distintas persoas que están a facer este magnífico traballo e mais representantes das entidades informaranos do estado do seu labor e das actividades que, logo desta recollida e estudo, poden realizarse cara a divulgar todo este legado.

Grazas a esta recollida de toponimia estamos recuperando parte da nosa historia, ampliamos coñecementos sobre o noso pasado, sobre a nosa lingua, lendas, ditos, costumes... e da voz de quen viviu, recorda e está en disposición de transmitirnos estes coñecementos para tecermos todas e todos o noso futuro sen traizoarmos o pasado de noso.

Ao remate da xornada do sábado e logo de xantar no parque forestal (comida pola conta de cadaquén) haberá un roteiro guiado e acompañarannos informantes desta parroquia.

Convidámosvos a participar nestas xornadas abertas a toda a cidadanía, para o que cómpre encher esta ficha de inscrición e mandala por correo electrónico a [ofi.normalizacion@vigo.org](mailto:ofi.normalizacion@vigo.org), antes do 6 de xuño.

Entregarase diploma xustificativo da asistencia

## INSCRICIÓN XORNADAS DE TOPONIMIA

NOME E APELIDOS: .....

DOCUMENTO DE IDENTIDADE.....

ENTIDADE Á QUE PERTENCE -colabora/traballa- (comunidade de montes, asociación, centro de ensino.....)

.....

INTERESE NAS XORNADAS POR: .....

.....